

CONSELLO SOCIAL


Marta Villamayor Álvarez, secretaria do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela:

CERTIFICA, con anterioridade a aprobación da acta correspondente, que o pleno do Consello Social desta Universidade na sesión celebrada o 7 de maio de 2021, acordou, entre outros, aprobar a actualización da Programación Plurianual 2019-2022 da Universidade de Santiago de Compostela, de conformidade co establecido no artigo 75.3 b) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia.

A documentación figura como anexo á presente certificación.

E para que así conste aos efectos oportunos, expido a presente certificación en Santiago de Compostela, a 7 de maio de 2021, co visto e praxe da sra. presidenta.

Vº e Pr.,
A presidenta



Cecilia Sierra Rey



DULCE M^a GARCÍA MELLA, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno na sesión ordinaria celebrada o día 30 de abril de 2021 acordou aprobar e propoñer ao Consello Social a proposta de actualización da Programación Plurianual 2019-2022, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, co V^o e Prace do sr. reitor.

V^o e prace

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Programación Plurianual Actualización 2019-2022



Documento asinado dixitalmente e accesible en / Documento firmado digitalmente y accesible en / Digitally signed document with accessibility at:
<https://sede.usc.es/csv/1C91-5774-4EE6-870C>

Ver detalle da sinatura na derradeira paxina / Ver detalle de la firma en la última página / See detail of the signature on the last page

CSV: 1C91-5774-4EE6-870C

ÍNDICE

LIMIAR.....	3
CENTRAR A ATENCIÓN NO ESTUDANTADO.....	5
COMPROMETERSE CO PERSOAL.....	13
POÑERSE AO SERVIZO DA SOCIEDADE.....	23
SITUAR O COÑECEMENTO DA USC NA VANGARDA.....	35
PROXECTAR A USC POLO MUNDO.....	51
XESTIONAR OS RECURSOS DE FORMA INTELIXENTE.....	59
APRENDER DA EXPERIENCIA DA COVID-19 PARA CONSEGUIR UNHA UNIVERSIDADE MÁIS SEGURA E FLEXIBLE.....	73
DESCRIBIÓN DAS ACCIÓNS	81
ASPECTOS ECONÓMICOS	145



Limiar

Os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela recollen nos artigos 167, 168 e 169 os aspectos relativos á planificación estratéxica e á programación plurianual.

En concreto, o art. 169 dispón que *“Previa aprobación das liñas xerais polo Claustro, o Consello de Goberno propondrá a programación plurianual ao Consello Social para a súa aprobación”*.

As directrices xerais da programación plurianual, aprobadas no Claustro celebrado o día 29/11/2018 e actualizadas no Claustro do 02/12/2020, contemplan a filosofía da proposta presentada á comunidade universitaria polo equipo de goberno no seu programa electoral e aliñanse cos principais obxectivos fixados no plan estratéxico xeral da USC (2011-2020), especificamente no relativo aos ámbitos e liñas estratéxicas.


De acordo con estas premisas, a presente actualización da Programación Plurianual recolle o aprobado polo Consello de Goberno do día 28/05/2019 e polo Consello Social as o 26/06/2019, incorporando a modificación das datas de finalización para algunha das accións e un novo eixe, produto da actualización das liñas xerais da programación plurianual aprobada polo Claustro o 02/12/2020.

Os eixes fundamentais sobre os que pivota a Programación Plurianual da USC para o período 2019-2022 son os seguintes:

1. Centrar a atención no estudantado
2. Comprometerse co persoal
3. Poñerse ao servizo da sociedade
4. Situar o coñecemento da USC na vangarda
5. Proxectar a USC polo mundo
6. Xestionar os recursos de forma intelixente
7. Aprender da experiencia da COVID-19 para conseguir unha universidade mais segura e flexible



Limiar



1. Centrar a atención no estudiantado



“O estudiantado é a pedra angular da institución universitaria. O primeiro obxectivo da USC debe ser ofrecerlle unha formación científico-técnica e cívica de calidade e adaptada aos novos tempos”

1. Liñas de actuación



- 1.1 Fomentar a dimensión integral na educación
- 1.2 Actualizar o marco normativo do estudantado
- 1.3 Achegar a administración universitaria e os seus servizos ao estudantado
- 1.4 Transformar o modelo da xestión da calidade

1. CENTRAR A ATENCIÓN NO ESTUDANTADO



1.1 Fomentar a dimensión integral na educación

Obxectivos:

Potenciar as competencias cívico-sociais nos aspectos curriculares

Promover os comportamentos éticos no desempeño profesional

Potenciar as competencias para a empregabilidade, adiantándose ás necesidades que a sociedade demande dos futuros profesionais

Accións:

1.1.1 Incorporación da competencia da ética profesional como formación complementaria curricular nas titulacións. Deseño de actividades que definan estratexias de incorporación da competencia da ética profesional de xeito transversal ao alumnado e profesorado dos diferentes Graos, Mestrados e Doutoramentos

1.1.2 Integración dos conceptos relativos á propiedade intelectual no desenvolvemento dos TFG e TFM. Consistirá na programación de cursos semestrais dirixidos ao alumnado e profesorado

1.1.3 Deseño e desenvolvemento dun programa de orientación laboral para o alumnado do último curso de grao. Incluirá o desenvolvemento dunha ferramenta que sirva de nexos entre os egresados e o mundo laboral

1. CENTRAR A ATENCIÓN NO ESTUDANTADO



1.1 Fomentar a dimensión integral na educación

Obxectivos:

Consolidar as metodoloxías innovadoras, como a aprendizaxe-servizo, orientando as aprendizaxes a dar solución a problemas sociais

Definir un modelo deportivo constituído como un modelo educativo que incentive, entre outros, os hábitos saudables e os aspectos inclusivos

Accións:

1.1.4

Institucionalización da aprendizaxe-servizo, a través da posta en marcha de diversos programas piloto en titulacións das diferentes grandes áreas, co fin de consolidar esta metodoloxía como unha ferramenta de conexión efectiva coa sociedade

1.1.5

Cooperación cos Concellos e Deputacións para pór en valor ás instalacións deportivas e na procura duns Campus sustentables. Subscrición de acordos de colaboración coas institucións públicas que permitan maximizar a utilización das instalacións deportivas e poder compartir parte do seu custo de mantemento. A acción 3.3.6 recolle as accións na procura da sustentabilidade



1.2 Actualizar o marco normativo do estudantado

Obxectivos:

Adaptar os dereitos e deberes aos novos tempos

Actualizar os textos normativos relativos ao estudantado

Fomentar a participación a través, entre outras vías, dun Consello de Estudantes como órgano propio e estable de representación estudantil, o co cal debe xogar un papel complementario ás organizacións estudantís sen suplantalas

Accións:

1.2.1 Elaboración dun novo Estatuto do Estudantado que contemple a realidade actual da USC

1.2.2 Recompilación da normativa de xestión académica e actualización da normativa do alumnado, en particular a de permanencia e a de avaliación

1.2.3 Creación do Consello do Estudantado, segundo as directrices aprobadas no Estatuto do Estudantado (acción 1.2.1)

1.2.4 Regulación da figura do/a delegado/a de curso. Elaboración dunha regulación básica da figura de delegado de curso como unha forma de promover a comunicación coas Comisións Académicas dos Títulos e cos Equipos Directivos dos Centros (contemplada parcialmente na acción 1.2.1)

1. CENTRAR A ATENCIÓN NO ESTUDANTADO



1.3 Achegar a administración universitaria e os seus servizos ao estudiantado

Obxectivos:

Orientar as funcionalidades dos diferentes servizos á cobertura dos requirimentos do alumnado

Facilitar a comunicación da universidade co estudiantado

Simplificar e axilizar os procedementos de xestión académica

Racionalizar o calendario académico

Accións:

1.3.1

Mellora, simplificación e automatización dos procesos no ámbito académico. En combinación coa liña de actuación 6.6.2, enfocarase os servizos aos usuarios, con especial énfase na automatización dos procedementos

1.3.2

Adaptación progresiva da oferta do CLM con vistas a completa, especialmente nos idiomas de máis demanda

1.3.3

Incorporación de novas canles de comunicación co estudiantado. Desenvolvemento dunha canle baseada en redes sociais e desenvolvemento, de acordo co indicado na acción 3.5.2, dunha app institucional con especial atención ás funcionalidades de máis interese para o estudiantado

1.3.4

Integrado na acción 1.3.1, e complementada coas accións 6.4.2 e 6.4.4 Incorporación da expedición en bilingüe (inglés/galego ou inglés/castelán) de documentos relativos á xestión académica

1.3.5

Procura dun calendario académico harmonizado, estable e adaptado aos distintos contextos, en colaboración coas outras universidades do SUG



1.4 Transformar o modelo de xestión da calidade

Obxectivos:

Poñer a mellora do proceso docente no centro da xestión da calidade, alixerando a carga administrativa e simplificando a xestión dos procedementos

Accións:

- 1.4.1** Continuación do proceso de acreditación institucional de centros co obxecto de reducir a carga de traballo dos procesos de seguimento e acreditación dos títulos
- 1.4.2** Impulso e mantemento das acreditacións internacionais, e en particular as de ámbito profesional. Promoverase que centros e titulacións de áreas profesionais nas que existen selos de acreditación internacional os obteñan e/ou manteñan
- 1.4.3** Implementación dun programa interno de “benchmarking” para estender as boas prácticas en materia de calidade
- 1.4.4** Racionalización dos procedementos e indicadores de seguimento máis acáidos ao proceso de mellora continua
- 1.4.5** Incorporación do programa Docentia no rendemento docente do profesorado. Utilización da metodoloxía e sistemática do programa Docentia para desenvolver a avaliación do desempeño docente do profesorado da USC, incorporando melloras e simplificacións no seu deseño e implementación



1.4 Transformar o modelo de xestión da calidade

Obxectivos:

Facer que os sistemas de xestión de calidade fornezan información cada vez máis valiosa e pertinente para a toma de decisións institucionais

Poñer a información derivada da xestión da calidade ao servizo da transparencia e do compromiso ético da universidade

Reforzar os aspectos relacionados co desenvolvemento social e a empregabilidade dos egresados

Accións:

1.4.6

Análise dos resultados dos procesos de calidade. Posta a disposición dos órganos de goberno de resultados significativos da calidade do desempeño da USC no plano académico e de xestión, e proposta de accións de mellora nos procedementos ou indicadores

1.4.7

Evolución de *USC en cifras* cara a un espazo “open data” cun mellor deseño e maior visibilización da información. A USC debe facilitar o acceso a datos tratables por parte dos demandantes de información, e mellorar a súa presentación

1.4.8

Creación dun observatorio de empregabilidade. A USC debe dispoñer dun órgano estable, con presenza de persoal académico e administrativo, para analizar a achega de valor da universidade á sociedade e aos seus grupos de interese no ámbito do emprego, a empregabilidade e o mercado de traballo

2. Comprometerse co persoal



“O persoal da USC constitúe un dos seus activos esenciais e unha das súas principais fortalezas. Co fin de responder aos novos desafíos é preciso elaborar un plan de renovación do cadro de persoal de PDI e PAS e adoptar medidas de recoñecemento do seu esforzo que reafirmen a súa motivación e o compromiso coa institución”

2. Comprometerse co persoal



- 2.1 Definir un plan de persoal (PDI e PAS)
- 2.2 Adaptar as estruturas de ordenación do persoal ás necesidades da USC
- 2.3 Actualizar a normativa de persoal
- 2.4 Reformular a cuantificación das actividades docentes, investigadoras e de xestión na xornada laboral
- 2.5 Desenvolver un programa de formación de persoal
- 2.6 Fomentar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal



2.1 Definir un Plan de persoal (PDI e PAS)

Obxectivos:

Garantir a renovación xeracional

Accións:

- 2.1.1** Captación de profesorado novo. O Plan de PDI centrarase nas 3R: Renovar o cadro de persoal, Reducir a precariedade e Relanzar a promoción (acción 2.1.5)
- 2.1.2** Incorporación a tarefas docentes de persoal investigador captado a través de programas competitivos de recursos humanos
- 2.1.3** Elaboración dun Plan de PAS que recollerá as seguintes actuacións: (i) Plan de promoción do persoal; (ii) renovación xeracional mediante a captación de novo persoal a través das ofertas de emprego xerais; (iii) reordenación da relación de postos de traballo; (iv) estabilización e redución da precariedade; (v) definición da carreira profesional



2.1 Definir un Plan de persoal (PDI e PAS)

Obxectivos:

Asegurar as oportunidades de promoción interna dentro das liñas que a lexislación permite

Reequilibrar o cadro de profesores atendendo ao encargo docente e á actividade investigadora, e en función das necesidades actuais e futuras

Accións:

- 2.1.4** Elaboración de criterios transparentes, obxectivos e estables para a dotación de prazas de promoción aos corpos de CU e TU
- 2.1.5** Dotación de prazas de catedrático/a, titular e profesor/a contratado/a doutor/a para posibilitar a promoción do PDI acreditado
- 2.1.6** Dotación de prazas de promoción para PAS (incluída na acción 2.1.3)
- 2.1.7** Definición de necesidades de novo profesorado tendo en conta de forma integrada datos de encargo docente, de actividade investigadora e a evolución da capacidade das áreas nos próximos anos



2.1 Definir un Plan de persoal (PDI e PAS)

Obxectivos:

Dotar os servizos do persoal necesario para asumir as funcións

Promover a consolidación de emprego reducindo o nivel de precariedade

Atender as especificidades das áreas de ciencias da saúde con actividade docente clínica

Accións:

2.1.8 Análise da carga de traballo dos servizos e definición da dotación persoal necesaria (incluída na 2.1.3)

2.1.9 Dotación de prazas de profesorado con vinculación permanente para posibilitar a consolidación e estabilización de profesorado con contrato temporal (incluída na acción 2.1.5)

2.1.10 Inclusión nas ofertas Ofertas de Emprego Público dos anos 2018 e 2019 ofertas diferenciadas de estabilización para as prazas que cumpran os requisitos establecidos polas leis de orzamentos xerais do Estado (incluída na acción 2.1.3)

2.1.11 Promoción da dotación de prazas vinculadas en áreas clínicas cunha revisión do mapa de PACS



2.2 Adaptar as estruturas de ordenación do persoal ás necesidades da USC

Obxectivos:

Actualizar a relación de postos de traballo de PAS e PDI

Negociar os instrumentos reguladores do réxime de persoal

Crear unha RPT de investigación e un marco regulador xeral das condicións de traballo

Accións:

2.2.1 Elaboración e aprobación dunha nova RPT de PAS (incluída na 2.1.3)

2.2.2 Elaboración e aprobación dunha nova RPT de PDI

2.2.3 Aprobación do marco regulador onde se estableza o réxime do persoal contratado con financiamento a cargo de actividades de I+D

2.2.4 Aprobación dos instrumentos de ordenación preciso para facilitar a estabilización de persoal contratado con cargo a créditos do capítulo VI



2.3 Actualizar a normativa de persoal

Obxectivos:

Aprobar, de acordo coas previsións estatutarias, os novos regulamentos de PDI e PAS

Elaborar unha nova regulación de selección do profesorado

Modificar a regulación de profesorado emérito e *ad honorem*

Accións:

2.3.1 Aprobación do Regulamento de PDI actualizando os deberes e dereitos do PDI ao novo marco estatutario

2.3.2 Dotación dun marco regulador xeral das condicións laborais do PAS (incluída na 2.2.3)

2.3.3 Elaboración e aprobación dunha nova normativa de selección de profesorado tanto de carácter permanente como non permanente que permita, entre outros aspectos, unha automatización e simplificación dos procesos de selección

2.3.4 Elaboración dos regulamentos de profesorado emérito e *ad honorem*



2.4 Reformular a cuantificación das actividades docentes, investigadoras e de xestión na xornada laboral

Obxectivos:

Fixar novas pautas e criterios de valoración que permitan regular as actividades docentes, investigadoras e de xestión

Elaborar un plan plurianual para conseguir o recoñecemento das diferentes actividades en todas as áreas de coñecemento

Accións:

2.4.1

Cómputo da actividade do PDI baseado na xornada laboral. Evolución dende unha contabilidade baseada en POD a unha contabilidade baseada no conxunto da xornada laboral

2.4.2

Reflectir na PAA un teito mínimo e progresivo de capacidade nas áreas que permita asignar e recoñecer un mínimo das horas das actividades realizadas



2.5 Desenvolver un programa de formación de persoal

Obxectivos:

Definir os contidos do programa de formación e innovación docente para incluír a formación noutros eidos da actividade do PDI

Ampliar un programa de formación para PAS que permita adquirir novos coñecementos e destrezas e facilite a súa promoción profesional e a consolidación de emprego

Accións:

- 2.5.1** Promoción e regulación das actividades de mentorización na docencia que permitan transferir a experiencia e coñecemento do profesorado sénior ao profesorado novel
- 2.5.2** Creación dun programa de Monitor Asistente no marco das prácticas extracurriculares
- 2.5.3** Aprobación de accións formativas específicas dirixidas aos procesos de promoción e estabilización do persoal despois da definición do Plan do Persoal de Administración e Servizos



2.6 Fomentar a conciliación da vida laboral, familiar e profesional

Obxectivos:

Atinxir unha conciliación da vida laboral, familiar e persoal

Introducir a flexibilidade horaria

Regular o dereito á desconexión laboral e dixital

Accións:

2.6.1

Introducir fórmulas de flexibilización da xornada laboral para a conciliación a partir dun rexistro horario e dunha redución da xornada laboral semanal

2.6.2

Incorporación e regulación do teletraballo. A introdución da opción do teletraballo significa optar por novas concepcións da xornada laboral que permitan que o persoal teña capacidade real para unha organización do traballo máis flexible Nunha primeira fase definirase un programa piloto, para posteriormente escalalo ao resto da organización

2.6.3

Elaboración dunha norma que contemple as accións para unha efectiva desconexión dixital

3. Poñerse ao servizo da sociedade



“Cómpre impulsar accións e estratexias para consolidar a imaxe da Universidade de Santiago de Compostela na sociedade e para convertela nun símbolo de coñecemento, cultura e innovación, como motor da sociedade galega e como referente de calidade internacional nun mundo globalizado”

3. Poñerse ao servizo da sociedade



- 3.1 Integrar os Campus nas cidades
- 3.2 Potenciar o uso da lingua galega en todos os ámbitos
- 3.3 Avanzar na igualdade e na sustentabilidade
- 3.4 Profundizar na cultura da transparencia
- 3.5 Elaborar unha nova política de comunicación e de imaxe institucional
- 3.6 Impulsar o proxecto cultural da USC como un espazo de innovación e creación que sitúe a universidade na vangarda
- 3.7 Dinamizar as relacións dos demais órganos da Universidade co Consello Social
- 3.8 Impulsar o sistema de xestión da seguridade da información e protección de datos

3. POÑERSE AO SERVIZO DA SOCIEDADE



3.1 Integrar os Campus nas cidades

Obxectivos:

Integrar os Campus nas cidades e compartir recursos e infraestruturas entre a USC e as cidades que acubillan os Campus

Incidir no tecido produtivo e social da área de influencia dos Campus

Accións:

- 3.1.1** Colaboración cos Concellos de Lugo e Santiago na procura da humanización dos Campus nos que se acubilla a USC (descrita na acción 3.3.6)
- 3.1.2** Desenvolvemento do planeamento urbanístico e regulación das infraestruturas
- 3.1.3** Análise da situación dos campus e dos resultados dos convenios de colaboración asinados cos Concellos
- 3.1.3 bis** Desenvolvemento do proxecto urbanístico arredor da Cidade da 'Saúde
- 3.1.4** Creación dun *hub* coa Cámara de Comercio (Santiago) e coa Asociación Empresarios (Lugo)
- 3.1.5** Promoción das cátedras institucionais.
- 3.1.6** Creación dun observatorio CTEM, que deseñe as estratexias e accións encamiñadas a promover as vocacións CTEM no alumnado de educación primaria e secundaria.
- 3.1.7** Posta en marcha dun programa de educación patrimonial dirixido a toda a sociedade, con especial incidencia nos centros educativos





3.2 Potenciar o uso da lingua galega en todos os ámbitos

Obxectivos:

Avaliar a política lingüística da USC e definir novas actuacións

Potenciar o papel da USC como axente dinamizador da lingua galega na sociedade

Accións:

- 3.2.1** Elaboración, posta en marcha e avaliación un novo plan de normalización lingüística que, unha vez aprobado polo Claustro, guíe a política lingüística da institución. Inclúe a tarefa dun estudo da realidade sociolingüística da USC
- 3.2.2** Elaboración dun novo regulamento de usos lingüísticos universitarios
- 3.2.3** Fomento do papel da Comisión de Normalización Lingüística do Claustro como órgano asesor e consultor en materia de planificación lingüística
- 3.2.4** Participación na Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística para avanzar de modo conxunto no proceso de extensión do uso da lingua galega no Sistema Universitario Galego
- 3.2.5** Fomento do coñecemento, uso e prestixio da lingua galega na sociedade. Impulso dos premios a actividades que leven consigo o emprego do galego. Posta en marcha, entre outros programas, do proxecto *Esenciais* e desenvolvemento do “.gal”
- 3.2.6** Sensibilización da opinión pública sobre o valor e a importancia do patrimonio lingüístico de Galicia

3. POÑERSE AO SERVIZO DA SOCIEDADE



3.3 Avanzar na igualdade e na sustentabilidade

Obxectivos:

Garantir o respecto á diversidade

Situar a USC na vangarda da aplicación da economía circular

Accións:

- 3.3.1** Inclusión en todas as políticas, unidades, servizos e programas da universidade dos valores da inclusión
- 3.3.2** Elaboración dun novo Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidade entre Mulleres e Homes
- 3.3.3** Elaboración do novo Plan de Desenvolvemento Sustentable (PDS), onde se relacionen as accións cos Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable (ODS). Elaboración dun mapa de diagnose no marco dos 17 ODS fixados pola ONU
- 3.3.4** Impulso dunha política de *plásticos 0*. Adhesión da USC á corrente iniciada pola ONU para atinxir a curto e medio prazo unha redución efectiva da cantidade de plástico empregado polas organizacións na procura dun océanos máis limpos, elemento esencial no PIB da nosa terra. Extensión dunha política integrada do ciclo de vida na xestión de residuos



3.3 Avanzar na igualdade e na sustentabilidade

Obxectivos:

Situar a USC na vangarda da aplicación da economía circular

Potenciar o enriquecemento derivado da diversidade cultural

Accións:

- 3.3.5** USClimate. Elaboración dun plan de acción polo clima, que permita situar a USC como un referente no cumprimento do ODS número 13
- 3.3.6** USC saudable e xusta. Conversión dos comedores e cafeterías nun referente na definición dunha alimentación sustentable
- 3.3.7** Campus sustentables. Troco de paradigma da interrelación da comunidade universitaria cos campus, transformando o tipo de mobilidade e creando espazos abertos de traballo
- 3.3.8** Avaliación, mediante estudos de público, das actividades desenvoltas ata o momento para axeitar as programacións aos intereses da comunidade universitaria e cidadá



3.4 Profundizar na cultura da transparencia

Obxectivos:

Desenvolver o portal de transparencia da USC conforme a normativa de aplicación

Mellorar a presentación da información institucional e a súa accesibilidade

Accións:

- 3.4.1** Revisión da presentación da información na páxina web e nas distintas canles de difusión e adquisición dunha ferramenta para a presentación da información institucional
- 3.4.2** Creación da figura de responsable de accesibilidade á información coa incorporación de mecanismos que permitan resolver as demandas de información mediante un protocolo de resposta ante as solicitudes de información
- 3.4.3** Adaptación da publicación de actos á lexislación de protección de datos, estendendo a utilización do Taboleiro Electrónico aos Centros, Departamentos e outras estruturas



3.5 Elaborar unha nova política de comunicación e de imaxe institucional

Obxectivos:

Dotarse dun plan de comunicación interna e externa da USC

Redefinir a imaxe corporativa

Coordinar as accións de comunicación entre as diferentes unidades

Accións:

- 3.5.1** Elaboración dun plan de comunicación que sirva de guía para a xestión da comunicación interna e externa
- 3.5.2** Creación dunha app institucional.
- 3.5.3** Renovación do modelo da páxina web. Cómpre abordar unha actualización en varias fases da páxina web cos seguintes eixes: (1) diferenciación de extranet e intranet; (2) definición das consideracións técnicas que permitan unha maior facilidade no seu mantemento
- 3.5.4** Elaboración dun novo manual de imaxe corporativa
- 3.5.5** Racionalización das canles de comunicación internas e externas, co obxecto de simplificar e guiar o seu uso, de xerarquizalas e de conseguir unha maior eficacia na transmisión de mensaxes



3.6 Impulsar o proxecto cultural da USC como un espazo de innovación e creación que sitúe a universidade na vangarda

Obxectivos:

Introducir o programa cultural na comunidade universitaria como unha faceta fundamental na formación integral dos nosos universitarios e universitarias

Consolidar programas de produción propia da USC que se convertan na guía das políticas culturais en Galicia e nun selo de identidade da institución

Poñer en valor os recursos humanos, equipamentos e servizos da USC para apoiar a produción cultural en Galicia

Accións:

3.6.1 Oferta á comunidade universitaria dun amplo programa pedagóxico de formación en actividades artísticas no ámbito das artes escénicas, musicais e visuais

3.6.2 Desenvolvemento dun programa de axudas a proxectos para agrupacións de teatro e danza, así como asesoramento técnico, apoio loxístico e habilitación de espazos de ensaio no ámbito das artes escénicas e musicais

3.6.3 Desenvolvemento dun programa de difusión pública das actividades xeradas polas unidades de produción cultural da nosa universidade: Aula de Teatro, Espazo de Danza, Orquestra da USC e Coro Universitario

3.6.4 Posta en marcha e desenvolvemento dun plan de difusión e posta en valor do patrimonio histórico-artístico da USC



3.7 Dinamizar as relacións dos demais órganos da universidade co Consello Social

Obxectivos:

Implicar o Consello Social nos retos estratéxicos da USC

Tratar de aproveitar o máximo posible o papel do Consello Social como órgano de conexión coa sociedade

Accións:

3.7.1

Presentación e debate no Consello Social das accións que o Goberno da USC considere estratéxicas no ámbito da planificación económica, de infraestruturas e de transferencia do coñecemento

3.7.2

Dinamización da colaboración cos axentes integrantes do Consello Social para fomentar sinerxías entre a USC e as diferentes institucións e organismos



3.8 Impulsar o sistema de xestión da seguridade da información e de protección de datos

Obxectivos:

Cumprir os requirimentos do esquema nacional de seguridade (ENS)

Minimizar os riscos de sufrir un incidente de seguridade con repercusións para a organización

Accións:

- 3.8.1** Creación da Área de Seguridade da Información. O ENS indica a necesidade de contar cun responsable de seguridade da información no que recaería a definición e seguimento das políticas neste ámbito
- 3.8.2** Deseño e implantación dun Sistema de Xestión da Seguridade da Información. Definición, seguindo as pautas do ciclo de mellora continua, da programación anual, dos responsables de cada unha das accións e dos obxectivos a acadar. Implantación dunha ferramenta de xestión
- 3.8.3** Desenvolvemento, aprobación e execución dun plan de tratamento do risco
- 3.8.4** Elaboración dun plan de formación e concienciación. Deseño e desenvolvemento dun plan de formación e concienciación para toda a comunidade universitaria en seguridade da información
- 3.8.5** Colaboración na formación do estudiantado da USC en competencias en ciberseguridade



3.8 Impulsar o sistema de xestión da seguridade da información e de protección de datos

Obxectivos:

Mellorar a imaxe da USC nos rankings nacionais no ámbito da seguridade da información

Garantir a protección de datos de acordo coa normativa vixente

Accións:

3.8.6 Realización de auditorías externas de verificación. Contratación das auditorías externas de certificación bienais para a obtención do selo acreditativo da conformidade co ENS, segundo os requirimentos legais

3.8.7 Rexistro, coordinación, realización e auditoría das actividades relacionadas coa protección de datos. Información á comunidade universitaria e á cidadanía sobre os tratamentos de datos que a USC realiza

3.8.8 Establecemento de protocolos para novos tratamentos e para a coordinación co Delegado de Protección de datos, coa adquisición dunha ferramenta informática para a xestión da protección de datos e da seguridade da información

3.8.9 Elaboración de modelos-tipo editables de cláusulas de formularios, de contratos de encargado de tratamento, de entrega de equipos, etc. e análise do tratamento de datos de egresados

4. Situar o coñecemento da USC na vangarda



“O avance do coñecemento e a súa contribución ao desenvolvemento da sociedade está no ADN da USC. A nosa oferta académica debe estar en plena consonancia coas demandas e necesidades da sociedade. As estruturas de investigación deberán dar resposta aos retos da multidisciplinaridade, potenciando a fortaleza das cinco Grandes Áreas”

4. Situar o coñecemento da USC na vangarda



- 4.1 Elaborar o Plan Estratéxico da USC para o período 2021-2030
- 4.2 Redefinir a oferta de titulacións de Grao e Mestrado
- 4.3 Desenvolver e visibilizar os estudos de doutoramento
- 4.4 Adecuar a oferta de prazas nas titulacións ás necesidades sociais
- 4.5 Consolidar a oferta dos estudos propios
- 4.6 Promover os campus de especialización e novas estruturas de docencia e investigación, así como o mantemento e actualización das xa existentes nos distintos campus
- 4.7 Elaborar un plan de captación e retención de talento investigador
- 4.8 Reforzar os servizos de apoio á docencia e á investigación
- 4.9 Mellorar a transferencia dos resultados de investigación

4.SITUAR O COÑECEMENTO DA USC NA VANGARDA



4.1 Elaborar o plan estratéxico da USC para o período 2021-2030

Obxectivos:

Analizar os efectos da implantación do plan Boloña nos distintos sectores da comunidade universitaria e tratar de corrixir os problemas a que poidan estar dando lugar

Definir os eixes estratéxicos que orienten a USC na vindeira década

Facer fronte aos novos retos da educación superior e posicionar á USC como o polo da innovación de Galicia

Accións:

- 4.1.1** Mapeado da carga de xestión nos diferentes centros
- 4.1.1 bis** Elaboración dunha proposta de dimensionamento dos equipos directivos dos centros
- 4.1.2** Mapeado do desempeño docente vs. produción investigadora en cada unha das áreas de coñecemento.
- 4.1.3** Estudo dos efectos da implantación do Plan Boloña no estudiantado
- 4.1.4** Elaboración do Plan Estratéxico. Convocatoria do concurso da Secretaría Técnica de apoio á elaboración do plan estratéxico. Creación do grupo de traballo de coordinación do plan estratéxico. Realización de consultas aos diferentes grupos de intereses
- 4.1.5** Análise e definición da demanda das competencias que os novos retos da sociedade requirirán dos futuros profesionais. Coordinación cos grupos de interese na definición das competencias, tanto específicas como transversais, que o mercado demandará dos futuros profesionais e a súa transposición ao curriculum das titulacións. Esta acción estará coordinada co observatorio de empregabilidade (acción 1.4.9)



4.SITUAR O COÑECEMENTO DA USC NA VANGARDA



4.2 Redefinir a oferta de titulacións de grao e mestrado

Obxectivos:

Adaptar as titulacións existentes ás demandas e retos da sociedade

Incorporar titulacións que melloren a oferta formativa, analizando a conveniencia da incorporación das titulacións impartidas polas escolas adscritas á Universidade

Reforzar a xestión das titulacións para facela áxil e funcional

Accións:

- 4.2.1** Análise da oferta actual de titulacións de grao e mestrado, onde a partir dun DAFO simplificado se recollan os principais parámetros chave por centro e titulación
- 4.2.2** Análise da demanda e viabilidade de impartir títulos semipresenciais ou non presenciais, en particular no ámbito do posgrao
- 4.2.3** Definición dun mapa estratéxico de titulacións, incluíndo o establecemento de criterios
- 4.2.4** Valoración da posible implantación de graos e mestrados duais
- 4.2.5** Incorporación á oferta de titulacións da USC de dobres títulos de grao e/ou mestrado, tanto para títulos xa existentes como para o deseño de novos títulos
- 4.2.6** Potenciación das colaboracións e sinerxías entre titulacións xa existentes na USC, e procura de novas alianzas con outras universidades
- 4.2.7** Deseño dun módulo de prácticas en empresas adaptado ás lexislacións sectoriais e de protección de datos



4.SITUAR O COÑECEMENTO DA USC NA VANGARDA



4.3 Desenvolver e visibilizar os estudos de doutoramento

Obxectivos:

Fortalecer e visibilizar os estudos de doutoramento

Evolucionar a unha única escola de doutoramento cara a unha maior visibilidade

Accións:

- 4.3.1** Racionalización da oferta dos estudos de doutoramento en base aos indicadores de calidade e ás necesidades do tecido investigador e económico
- 4.3.2** Mellora da accesibilidade da información relativa ao doutoramento, mediante a reformulación da web singular
- 4.3.3** Elaboración dun plan de captación de alumnado, nacional e internacional
- 4.3.4** Subscrición de convenios de colaboración con universidades estranxeiras, encamiñados á captación e titorización de estudantes de doutoramento
- 4.3.5** Reestruturación organizativa das Escolas de Doutoramento.

4.SITUAR O COÑECEMENTO DA USC NA VANGARDA



4.3 Desenvolver e visibilizar os estudos de doutoramento

Obxectivos:

Potenciar o doutoramento industrial

Reforzar os sistemas de xestión de doutoramento

Accións:

- 4.3.6** Participar na definición dunha estratexia unificada dentro do SUG para potenciar o doutoramento industrial
- 4.3.7** Elaboración dun mapa das capacidades formativas e tecnolóxicas da USC para o fomento do doutoramento industrial e para o aliñamento coas necesidades do sector industrial galego
- 4.3.8** Revisión da normativa do doutoramento para facilitar a realización e consecución destes estudos, así como para a simplificación dos distintos procesos administrativos asociados, asegurando a súa calidade
- 4.3.9** Adaptación do calendario de matrícula do doutoramento ás necesidades específicas deste ámbito
- 4.3.10** Elaboración dun modelo de informe de seguimento específico para o doutoramento, en colaboración coas universidades do SUG, onde se describan uns indicadores específicos para o doutoramento

4.SITUAR O COÑECEMENTO DA USC NA VANGARDA



4.4 Adecuar a oferta de prazas nas titulacións ás necesidades sociais

Obxectivos:

Definir o mapa estratéxico da oferta de prazas nas diferentes titulacións

Deseñar un plan específico para a difusión e redeseño de títulos con menor demanda, con especial énfase no Campus de Lugo

Accións:

4.4.1 Análise e deseño da oferta de prazas das titulacións en base á demanda e á empregabilidade

4.4.2 Difusión de títulos do Campus de Lugo

4.SITUAR O COÑECEMENTO DA USC NA VANGARDA



4.5 Consolidar a oferta dos estudos propios

Obxectivos:

Ordenar a xestión integral da oferta docente dos títulos propios na USC, evitando a súa dispersión

Garantir o seguimento e control de calidade dos estudos non oficiais

Accións:

- 4.5.1** Revisión do Regulamento de Estudos Propios da Universidade. Introducción na normativa dalgúns factores de flexibilidade que a xestión ordinaria dos cursos propios demanda. Centralización no CEP da oferta e control da actividade docente non oficial de centros, servizos e grupos de investigación da USC, impedindo a súa dispersión
- 4.5.2** Difusión dos estudos propios e de formación continua. Deseño e posta en marcha dunha boa política de comunicación interna e externa. Difusión dos estudos propios dentro da USC (servizos e grupos de investigación) e fóra dela
- 4.5.3** Focalización do control de calidade realizado pola Comisión de Estudos Propios nos aspectos académicos dos cursos. Modificación do regulamento para introducir a obriga dos directores dos cursos de responder do nivel científico do profesorado, así como de gardar os traballos académicos do alumnado que sexan obxecto de avaliación coa mesma esixencia que en estudos oficiais
- 4.5.4** Apoio aos mestrados e cursos de especialización xa consolidados e de referencia no seu ámbito. Posta dos recursos materiais e humanos do CEP a disposición dos cursos cunha longa traxectoria na USC e cun prestixio recoñecido fóra dela



4.SITUAR O COÑECEMENTO DA USC NA VANGARDA



4.5 Consolidar a oferta dos estudos propios

Obxectivos:

Garantir o seguimento e control de calidade dos estudos non oficiais

Atender a demanda formativa por parte do tecido produtivo

Converter a Universidade nun referente para a formación continua

Accións:

4.5.5 Procura da internacionalización do alumnado e de edicións no estranxeiro de cursos propios da USC. Captación de estudantado estranxeiro en cursos *on line* e parcialmente presenciais a través de profesorado con contactos noutras Universidades e axentes con contrato coa USC

4.5.6 Axilización da tramitación de propostas de novos cursos ou novas edicións de cursos xa existentes presentadas por persoal da USC. Simplificación e informatización do proceso de oferta, matrícula, actas e emisión de certificados dos cursos propios

4.5.7 Articulación e posta en marcha dun programa flexible de formación a demanda de entidades externas á USC. Reforma do Regulamento de Estudos Propios para dar cobertura normativa á formación a medida. Deseño dunha política de comunicación para a promoción do programa

4.5.8 Promoción desde o propio CEP e IV Ciclo de cursos breves que ofrezan actualización de coñecementos e formación permanente, atendendo ás demandas sociais e profesionais



4.SITUAR O COÑECEMENTO DA USC NA VANGARDA



4.6 Promover os Campus de especialización e novas estruturas de investigación

Obxectivos:

Articular os campus de especialización coas estruturas docentes e de investigación

Accións:

- 4.6.1** Elaboración de novos Plans Estratéxicos dos campus de especialización (Campus Vida, Campus Terra e Campus da Cidadanía)
- 4.6.2** Promoción de estruturas interuniversitarias que impulsen a proxección internacional dos campus
- 4.6.3** Apoio aos Centros Singulares de Investigación (CCSSI)
- 4.6.4** Impulso a novas unidades de excelencia en investigación, tomando como referencia o modelo dos Centros Singulares
- 4.6.5** Implantación dun novo CRIS (*Current Research Information System*) que integre as fontes de datos institucionais e as bases de datos de referencia, que permita a publicación na web da USC do perfil de cada investigador e que posibilite a autonomía do/a investigador/a na consulta da súa produción científica e na obtención do seu currículo en formatos normalizados

4.SITUAR O COÑECEMENTO DA USC NA VANGARDA



4.6 Promover os Campus de especialización e novas estruturas de investigación

Obxectivos:

Reorganizar e revisar as estruturas de docencia e investigación, promovendo unha igualdade na facilidade de acceso a todos os investigadores independentemente do Campus no que estean localizados

Elaborar un plan para tratar de conseguir a implicación de todo o PDI na actividade investigadora

Accións:

4.6.6 Definición e regulación, no seu caso, das distintas estruturas de investigación e das relacións entre elas

4.6.7 Reorganización dos centros propios de investigación na liña da realizada cos Institutos de Investigación

4.6.8 Plan de actuación para fomentar a participación de todo o PDI na actividade investigadora

4.SITUAR O COÑECEMENTO DA USC NA VANGARDA



4.7 Elaborar un plan de captación e retención de talento investigador

Obxectivos:

Atraer e reter talento investigador

Orientar a captación ás áreas da Universidade con necesidades docentes e investigadoras

Asegurar a sustentabilidade e renovación xeracional dos ámbitos docentes e investigador

Accións:

4.7.1 Incorporación de persoal investigador con perfil competitivo, de acordo cos estándares internacionais, en áreas con necesidades docentes nun horizonte de 5 anos

4.7.2 Incentivación a incorporación de novos perfís científicos críticos en áreas de I+D de carácter estratéxico nos procesos de especialización dos Campus, Agrupacións, Centros Singulares, Institutos de Investigación ou outras unidades de investigación de referencia, promovendo a captación de talento

4.7.3 Definición de políticas de acompañamento ao persoal investigador contratados dentro da iniciativa do Selo Europeo HRS4R (*mentoring*, apoio a labor investigadora e carreira científica, etc.)

4.7.4 Análise e monitorización pormenorizada da estrutura de PDI con carácter indefinido na evolución da distribución por categoría xénero e idade

4.7.5 Plan de captación de PDI (incluído nas accións 2.1.1, 2.1.2, 4.7.1 e 4.7.2)



4.SITUAR O COÑECEMENTO DA USC NA VANGARDA



4.8 Reforzar os servizos de apoio á docencia e á investigación

Obxectivos:

Mellorar a oferta de servizos xerais, de infraestruturas e servizos de apoio á investigación nos distintos campus da USC

Accións:

- 4.8.1** Actualización do mapa de infraestruturas e servizos de apoio á Investigación (incluída parcialmente na acción 4.6.1). Consecución e implantación da ISO 9001 no Servizo
- 4.8.2** Desenvolvemento de novos servizos de apoio a investigación nas áreas de ciencias sociais e humanidades. Para isto elaborárase un mapa das infraestruturas e servizos necesarios no ámbito do Campus da Cidadanía que permitan acadar a excelencia
- 4.8.3** Mellora da competitividade e do marco organizativo das Plataformas Tecnolóxicas
- 4.8.4** Desenvolvemento da oferta de servizos do CEBEGA. Posta en marcha do Centro así como dos novos servizos de apoio á investigación relacionados con el
- 4.8.5** Desenvolvemento e optimización dos servizos web da Vicerreitoría de Investigación. Mellora nas consultas das bases de datos, indicadores de investigación, etc. (acción incluída na 4.6.1)

4.SITUAR O COÑECEMENTO DA USC NA VANGARDA



4.8 Reforzar os servizos de apoio á docencia e á investigación

Obxectivos:

Orientar a organización da biblioteca cara á optimización do seu servizo á docencia e á investigación

Accións:

- 4.8.6** Elaboración, aprobación, e implementación da nova estrutura organizativa da BUSC. Despregarase o novo modelo organizativo da BUSC, que permitirá a creación de Unidades específicas de Apoio á Docencia, á Investigación e á Xestión
- 4.8.7** Establecemento da Política de Acceso Aberto na USC, que leva consigo o mandato/recomendación sobre acceso aberto, vencellado ao currículo e ao recoñecemento da produción científica
- 4.8.8** Valoración, adquisición e implantación de novos sistemas de Xestión Integrada da BUSC e o AHUS

4.SITUAR O COÑECEMENTO DA USC NA VANGARDA



4.9 Mellorar a transferencia dos resultados de investigación

Obxectivos:

Intensificar a transferencia de coñecemento

Accións:

4.9.1 Reforzamento do programa “Acelerador de Transferencia”, que permite, por unha banda, abordar pequenos proxectos de maduración e valorización de resultados de investigación e, por outra, identificar proxectos e grupos que poidan optar a convocatorias de valorización e obter maior financiamento externo. O programa contará con obxectivos específicos aliñados coas apostas estratéxicas da USC como Campus Vida, Campus Terra e Campus da Cidadanía

4.9.2 Integración e harmonización das accións orientadas á creación de empresas de base tecnolóxica e emprendemento. Para conseguir un mellor desempeño na creación de empresas é necesaria a integración nun único esquema e baixo unha dirección coordinada das diferentes accións de emprendemento

4.SITUAR O COÑECEMENTO DA USC NA VANGARDA



4.9 Mellorar a transferencia dos resultados de investigación

Obxectivos:

Accións:

Apostar pola USC como polo biotecnolóxico de Galicia

4.9.3 Apostar pola incubación de empresas nos sectores agroalimentario e biotecnolóxico. Para isto contarase coa financiación do proxecto BioIncubaTech por parte da Fundación Incyde.

Singularizar a transferencia nas áreas de Ciencias Sociais e Humanidades

4.9.4 Deseño dun programa de intensificación da transferencia en CCSS e HH. Realización de reunións de presentación dos servizos do AVTE a grupos de investigación destas áreas e desenvolvemento de accións para a consecución de proxectos de transferencia, propiedade intelectual e creación de empresas

Potenciar a transferencia no sector agroalimentario

4.9.5 Introducción de accións de innovación e demostración na Granxa Experimental Gaioso Castro e na Aula de Produtos Lácteos e Tecnoloxías Alimentarias (APLTA)

5. Proxectar a USC polo mundo



“A USC é unha universidade aberta ao mundo, cunha decidida vocación e un enorme potencial de internacionalización. Neste contexto, cómpre traballar de forma resolta e dende todos os sectores da comunidade universitaria no fortalecemento da súa imaxe e visibilidade no exterior”

5. Proxectar a USC polo mundo



- 5.1 Potenciar a mobilidade das persoas
- 5.2 Internacionalizar a oferta docente da USC
- 5.3 Potenciar a comunicación da USC cara ao exterior
- 5.4 Cooperar para o desenvolvemento internacional



5.1 Favorecer a mobilidade das persoas

Obxectivos:

Favorecer a mobilidade de estudiantado, PDI e PAS

Impulsar a actuación dos participantes en programas de mobilidade como axentes dinamizadores

Accións:

5.1.1 Deseño dunha oferta de destinos actualizada e axeitada á demanda real de cada grupo de interese

5.1.2 Mellora do recoñecemento das actividades de coordinación e participación dos programas de intercambio

5.1.3 Consolidación do Centro de Benvida Internacional como centro de acollida e acompañamento do estudiantado, PDI e PAS

5.1.4 Creación de programas que faciliten a implicación das persoas participantes en programas de mobilidade entrante en actividades destinadas a dar a coñecer a súa universidade, cultura e sociedade ao resto de membros da USC

5.1.5 Elaboración de estratexias para que as persoas participantes en programas de mobilidade entrante e saínte poidan difundir a USC nos seus lugares de orixe e destino, respectivamente



5.1 Favorecer a mobilidade das persoas

Obxectivos:

Revisar os procedementos de xestión relacionados coa mobilidade, e desenvolver as accións de formación necesarias para a súa posta en práctica

Accións:

- 5.1.6** Implementar a matrícula por internet para o alumnado de mobilidade entrante
- 5.1.7** Aprobación dun sistema de recoñecemento de cualificacións para o alumnado de intercambio
- 5.1.8** Definición do cumprimento do requisito de idioma para o alumno entrante e posta a disposición de medios para o seu cumprimento
- 5.1.9** Incorporación da expedición en bilingüe (inglés/galego ou inglés/castelán) de documentos relativos á xestión académica
- 5.1.10** Establecemento de mecanismos de comunicación máis eficientes entre todos os axentes implicados na internacionalización e fortalecer as accións formativas neste ámbito



5.2 Internacionalizar a oferta docente da USC

Obxectivos:

Deseñar unha oferta de calidade e máis atractiva para o estudantado internacional

Promover titulacións dobres ou conxuntas con institucións estranxeiras que teñan carácter estratéxico para a USC

Accións:

- 5.2.1** Elaboración de itinerarios docentes específicos para o alumnado de fora do EEES
- 5.2.2** Incremento da oferta académica en lingua inglesa
- 5.2.3** Mellora dos procedementos e estratexias destinados a dar a coñecer a USC cara ao exterior
- 5.2.4** Promoción da adquisición por parte do profesorado e do PAS de competencia en lingua inglesa
- 5.2.5** Elaboración dun mapa relacional que permita coñecer o potencial da USC na creación deste tipo de titulacións
- 5.2.6** Harmonización dos procesos administrativos de admisión e cualificacións entre a USC e as universidades que participen na oferta



5.2 Internacionalizar a oferta docente da USC

Obxectivos:

Adaptar os procesos de xestión ás peculiaridades do alumnado internacional

Crear un espazo de colaboración con Iberoamérica tendo en conta os vínculos culturais, históricos e lingüísticos existentes

Accións:

5.2.7 Mellora do programa de atención tutorial para alumnado de grao, mestrado e doutoramento

5.2.8 Mellora da funcionalidade da páxina web para facilitar a realización de procesos académicos e administrativos en inglés

5.2.9 Deseño dun espazo de cooperación iberoamericano mediante o establecemento de convenios e de accións específicas de información

5.2.10 Programa de atención tutorial para o alumnado iberoamericano



5.3 Potenciar a comunicación da USC cara o exterior

Obxectivos:

Mellorar o coñecemento a nivel internacional da Universidade

Accións:

5.3.1 Potenciación da presenza internacional en redes sociais

5.3.2 Mellora dos mecanismos de acceso á información e de comunicación

5.3.3 Desenvolvemento das técnicas necesarias para xestionar de forma eficiente e eficaz as actividades relacionadas cos distintos ámbitos da política de internacionalización

Facilitar o acceso á información e os mecanismos de comunicación

5.3.4 Difusión de cara ao exterior, de forma axeitada e eficaz, da oferta formativa, principalmente de mestrado e doutoramento



5.4 Cooperar para o desenvolvemento internacional

Obxectivos:

Promover na USC unha liña de cooperación para o desenvolvemento

Mellorar a reputación da USC incrementando o seu impacto social a nivel internacional

Accións:

5.4.1

Incentivación da coordinación de proxectos internacionais de cooperación para o desenvolvemento. Definición de liñas prioritarias no ámbito da cooperación para o desenvolvemento, con identificación do tipo de convocatorias nas que participar

5.4.2

Promoción da coordinación ou participación en consorcios de investigación e cooperación internacionais estratéxicos para a USC

6. Xestionar os recursos de forma intelixente



“É preciso elaborar e aprobar un novo plan que garanta a estabilidade e sustentabilidade económica no curto e medio prazo, xestionando os recursos con rigor, eficiencia e transparencia. Cómpre avanzar tamén na racionalización da normativa e na mellora dos procedementos”

6. Xestionar os recursos de forma intelixente



- 6.1 Optimizar o uso das infraestruturas
- 6.2 Procurar unha maior suficiencia e xestión eficiente dos recursos económicos
- 6.3 Racionalizar a administración instrumental
- 6.4 Axilizar os procedementos de xestión e prestación de servizos
- 6.5 Sistematizar a normativa universitaria
- 6.6 Orientar a prestación de servizos das tecnoloxías de Información á satisfacción das necesidades dos usuarios/as

6. XESTIONAR OS RECURSOS DE FORMA INTELIXENTE



6.1 Optimizar o uso das infraestruturas

Obxectivos:

Optimizar o uso dos espazos e infraestruturas existentes tendendo a reducir a infraestrutura neta construída

Poñer en valor o patrimonio da USC abríndoo á sociedade

Xestionar as infraestruturas dende unha perspectiva de minimización do custo, garantindo a igualdade de oportunidade de acceso a todos os investigadores independentemente da cidade na que se atope localizado o campus da USC no que o PDI realice o seu labor docente e investigador

Accións:

6.1.1 Elaboración e aprobación dun plan de ordenación e xestión das infraestruturas tendo en conta as necesidades das novas titulacións.

6.1.2 Cooperación con outras institucións para compartir o uso de infraestruturas comúns

6.1.3 Renovación das redes. Queda por renovar aproximadamente o 70% dos equipos de acceso de usuario. A rede de telefonía xa ten data máxima de soporte, polo que é necesario renovala progresivamente. Con esta fase quedaría cuberta a renovación do 75% do equipamento de telefonía. A fibra óptica foi instalada na súa maioría nos anos 1992-1994 e é preciso ir renovándoa progresivamente

6.1.4 Creación dunha unidade de control e monitorización da xestión global das infraestruturas. A unificación no Pavillón de Servizos das unidades de seguridade, operación e mantemento, e a creación dunha sala de control unificada 24/365 favorecerán a coordinación e optimización dos recursos necesarios



6. IMPLANTAR UNHA REXIÓN INTELIXENTE DE RECURSOS



6.1 Optimizar o uso das infraestruturas

Obxectivos:

Buscar solucións ás necesidades específicas das infraestruturas da USC (Ciencias da Saúde, Ciencias da Educación, Casco Histórico...)

Resolver as deficiencias estruturais dos centros docentes, establecendo unha planificación plurianual de actuación debidamente priorizada

Adequar os espazos docentes ás necesidades actuais do estudantado

Accións:

6.1.5 Integrada na acción 6.1.1

6.1.5 bis Análise e inclusión doutras áreas; por exemplo, enxeñaría, en función das necesidades específicas detectas na acción 6.1.1.

6.1.6 Resolver as deficiencias estruturais dos centros docentes e edificios administrativos, establecendo unha planificación plurianual de actuación debidamente priorizada, incluída parcialmente na acción 6.1.1

6.1.6 bis Elaboración dunha norma de xestión de espazos que garanta, entre outras cuestións, un axeitado desenvolvemento das actividades tanto nos espazos institucionais como de traballo, atendendo á súa diversidade. Complementada coas accións 6.1.7, 7.1.2 e 7.1.3

6.1.7 Aumento da cobertura da rede sen fíos interna e externa. En colaboración con Centros definirase un programa que permita incrementar de forma progresiva a cobertura da rede sen fíos nos edificios e nas áreas externas dos Campus. Deste xeito, o alumnado e persoal da USC terá a capacidade de interactuar a través de internet en calquera punto



6. XESTIONAR OS RECURSOS DE FORMA INTELIXENTE



6.2 Procurar una maior suficiencia e xestión eficiente dos recursos económicos

Obxectivos:

Procurar un financiamento suficiente para atender as necesidades básicas

Incrementar a autonomía da Universidade na xestión dos seus recursos económicos

Garantir a eficiencia na xestión dos recursos

Accións:

6.2.1 Refinanciamento da débeda. Atinxir coas entidades bancarias acreedoras e coa Xunta de Galicia un novo cadro de xuros da débeda en función dun refinanciamento da mesma

6.2.2 Deseño dun Plan de financiamento 2021-2025. Propor a incorporación dunha unha nova xeira de indicadores que permitan atinxir un financiamento máis acorde coas características propias da USC: infraestruturas, capacidade de investigación, etc.

6.2.3 Definición dun Plan de colaboración con Institucións público/privadas de ámbito local, autonómico ou nacional. Reelaboración dos convenios de colaboración coas institucións públicos e privadas da nosa contorna, definindo as accións a realizar que permita unha maior capacidade na toma de decisións

6.2.4 Desenvolvemento normativo para a xestión económica e contable co obxectivo de aumentar o rigor e a eficiencia na xestión dos recursos



6. XESTIONAR OS RECURSOS DE FORMA INTELIXENTE



6.2 Procurar una maior suficiencia e xestión eficiente dos recursos económicos

Obxectivos:

Implantar programas de captación de recursos procedentes do mecenado

Deseñar un modelo flexible de distribución dos recursos económicos destinados a atender as actividades docentes entre as distintas estruturas responsables das mesmas

Accións:

6.2.5

Implantación do sistema de micromecenado. Elaboración do mapa co itinerario do doador do micromecenado. Definición dos requirimentos institucionais a nivel lexislativo, económico e técnico para a súa implementación. Fase piloto de micromecenado con actividades de diversos ámbitos.

6.2.6

Definición de criterios para a distribución dos créditos descentralizados orientados a Departamentos, Centros e Estructuras de Investigación

6. XESTIONAR OS RECURSOS DE FORMA INTELIXENTE



6.3 Racionalizar a administración instrumental

Obxectivos:

Promover a colaboración institucional de cara a potenciar Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario Galego (CISUG) como instrumento para unha xestión máis ecoeficiente

Accións:

6.3.1 Incorporación de actividades ao CISUG máis aló das tres previstas na súa creación (CIXUG, CIUG e BUGALICIA)

Simplificar o entramado instrumental da USC

6.3.2 Elaboración dun programa para o redimensionamento e reordenación dos entes instrumentais



6.4 Axilizar os procedementos de xestión e prestación de servizos

Obxectivos:

Simplificar e automatizar os trámites administrativos e de prestación de servizos

Estender a administración dixital aos Centros e outras estruturas da USC

Incentivar a participación da comunidade universitaria a través da xeneralización do voto electrónico

Accións:

- 6.4.1** Realización da tramitación interna por medio de mecanismos electrónicos coa implantación dunha ferramenta de rexistro interoperable
- 6.4.2** Mellora dos portais de autoservizo para uso do estudiantado, profesorado e PAS
- 6.4.3** Implantación dunha ferramenta para a xestión e seguimento de procesos xudiciais
- 6.4.4** Automatización das certificacións acreditativas de PDI e Alumnado
- 6.4.5** Promoción do uso de ferramentas de AE nos centros (notificacións, portasinaturas, etc.)
- 6.4.6** Implantación dunha aplicación para a xestión de censos permanentes e procesos electorais

6. XESTIONAR OS RECURSOS DE FORMA INTELIXENTE



6.5 Sistematizar a normativa universitaria

Obxectivos:

Tipificar e sistematizar a normativa existente

Ofrecer aos usuarios un acceso áxil á normativa vixente na USC, preservando a seguridade xurídica

Accións:

6.5.1 Revisión da normativa interna da USC co obxecto de actualizala e sistematizala, publicando normas consolidadas que reduzan os documentos de referencia, aumenten a seguridade xurídica e simplifiquen a xestión, coa reelaboración do apartado web da Normativa da USC

6.5.2 Mellora da accesibilidade dos textos mediante a publicación no Taboleiro Electrónico en formato accesible e a publicación no repositorio institucional Minerva dos textos modificados e consolidados

6.5.2 bis Elaboración dun boletín en soporte dixital para a difusión de acordos e actos administrativos de interese xeral



6.5 Sistematizar a normativa universitaria

Obxectivos:

Completar o desenvolvemento estatutario

Accións:

6.5.3

Protocolización e sistematización da elaboración de normas e outras disposicións de carácter xeral da USC co establecemento dun protocolo de aprobación de normas xerais con información á comunidade universitaria e co establecemento dun fluxo de aprobación e publicación de disposicións de carácter xeral

6.5.4

Establecer canles de relación da USC coas persoas egresadas e cos empregadores para garantir un correcto funcionamento da mesma e facilitar unha constante adecuación da oferta formativa

Acadar un tratamento sistematizado dos convenios asinados coa USC

6.5.5

Actualización da regulación e sistematización do tratamento dos convenios e outras fórmulas de colaboración da USC con entidades e empresas

6.5.6

Elaboración dun módulo informático para a xestión integral dos convenios da USC

6.5.7

Deseño e aplicación do procedemento para recoñecer ás entidades, empresas, persoas e institucións a súa colaboración coa USC no desenvolvemento das prácticas do estudiantado

6. XESTIONAR OS RECURSOS DE FORMA INTELIXENTE



6.6 Orientar a prestación de servizos das tecnoloxías da información á satisfacción das necesidades dos usuarios

Obxectivos:

Reformar a organización e os procedementos da ATIC para orientalos á prestación de servizos percibidos polos usuarios/as

Accións:

- 6.6.1** Mellora na xestión da información institucional. Ampliación do almacén de datos institucionais para que cubra todas as áreas de xestión, implementando os procedementos de obtención, consolidación e publicación dos datos necesarios para dispor de información estable e de calidade co que poder atender as necesidades de información dos órganos de goberno e servizos
- 6.6.1 bis** Revisar os criterios da adscrición do PDI a Centros
- 6.6.2** Aumento da eficiencia dos procedementos de xestión e prestación de servizos. Definición e execución dun plan de reforma dos procedementos principais de cada área de xestión para simplificar os procedementos, asegurar a tramitación telemática, evitar presentar documentación da que xa dispón a administración, automatizar os trámites e reducir os recursos técnicos e de persoal necesarios para a tramitación ordinaria
- 6.6.3** Impulso no uso das aplicacións institucionais na área de recursos humanos. Emprego do sistema UXXI-RRHH en todas as áreas de xestión de recursos humanos reducindo, e eliminando nos casos en que sexa posible, o uso de ferramentas específicas co fin de consolidar a información de xestión de persoal e reducir os custos de operación ordinaria

6. XESTIONAR OS RECURSOS DE FORMA INTELIXENTE



6.6 Orientar a prestación de servizos das tecnoloxías da información á satisfacción das necesidades dos usuarios

Obxectivos:

Reformar a organización e os procedementos da ATIC para orientalos á prestación de servizos percibidos polos usuarios/as

Artellar un modelo de xestión das TIC xerarquizado e acorde co Esquema Nacional de Seguridade

Accións:

6.6.4 Orientación da prestación de servizos TI á satisfacción das necesidades percibidas polos usuarios/as. Identificación dos servizos desde a perspectiva dos usuarios e formalización dunha carta de servizos.

6.6.5 Dotación á área de xestión económica dunha ferramenta integrada de xestión. Introducción dunha ferramenta informática para a área de xestión económica que integre todos os procedementos operativos de xestión orzamentaria, contabilidade, tesourería e contratación

6.6.6 Definición dunha nova estrutura da ATIC. Configuración da ATIC orientada a unha prestación de servizos. Coordinación coas accións referidas ao ENS (líña de actuación 3.8)

6. XESTIONAR OS RECURSOS DE FORMA INTELIXENTE



6.6 Orientar a prestación de servizos das tecnoloxías da información á satisfacción das necesidades dos usuarios

Obxectivos:

Ofrecer aos grupos de investigación infraestrutura e ferramentas de tecnoloxías da información para as necesidades de cómputo dos proxectos de investigación dos que son responsables

Accións:

- 6.6.7** Fornecer infraestruturas e ferramentas TI de apoio ás actividades de investigación. Promoción e xestión do uso de ferramentas de computación na nube para empregalas en actividades de investigación, aproveitando as vantaxes económicas dos contratos marco cos provedores de servizo e eliminando os custos derivados da adquisición, operación e retirada de recursos TI específicos para cada proxecto
- 6.6.8** Redución dos costes de operación da infraestrutura TI e favorecemento da especialización do persoal da ATIC. Definición, implementación e migración de infraestrutura e aplicacións á nube para reducir os custos de adquisición, mantemento, operación e retirada de recursos TI da ATIC. Especialización do persoal da ATIC encargado da administración e operación dos sistemas en tarefas de valor engadido nas TIC no ámbito universitario. Implementación na nube do CPD secundario e de medidas de redundancia e dispoñibilidade de servizos críticos

6. XESTIONAR OS RECURSOS DE FORMA INTELIXENTE



6.6 Orientar a prestación de servizos das tecnoloxías da información á satisfacción das necesidades dos usuarios

Obxectivos:

Introducir un novo modelo de adquisición e mantemento dos recursos das tecnoloxías da información en centros, departamentos e servizos

Accións:

6.6.9

Introdución dun novo modelo de provisión de recursos TI para a docencia práctica. Implantación dun sistema de provisión de aulas de prácticas que requiran programas de ordenador no que o profesorado poida crear contornos de prácticas a medida para cada materia e o alumnado poida realizar as prácticas nos seus ordenadores persoais en calquera sitio con conexión a Internet

6.6.10

Introdución dun novo modelo de adquisición, mantemento de operación dos recursos TI en centros, departamentos e servizos. Definición dun catálogo normalizado de equipamento informático que cubra as necesidades ordinarias de centros, departamentos e servizos, e que permita xestionar os contratos marco, reformar o modelo de atención a usuarios nos centros para aforrar recursos técnicos e humanos

Espallar a rede sen fíos ao conxunto dos Campus

6.6.11

Cuberto coa acción 6.1.6

7. Aprender da experiencia da COVID-19 para conseguir unha universidade máis segura e flexible



“A situación derivada da COVID-19 fai que se teñan que afrontar medidas de adaptación no proceso de ensino-aprendizaxe, nas actividades de investigación e na xestión. Agora ben, unha perspectiva a máis a longo prazo débese guiar polos Obxectivos do Desenvolvemento Sustentábel (ODS) incluídos na Axenda 2030. En consecuencia, as accións requiren que o seu impacto teña un longo percorrido, procurando a súa versatilidade e aplicabilidade a calquera escenario”

7. Aprender da experiencia da COVID-19 para conseguir unha universidade máis segura e flexible



- 7.1 Perfeccionar as medidas de prevención sanitaria
- 7.2 Intensificar o proceso de transformación dixital
- 7.3 Facer máis flexible a organización académica de maneira que se poidan aproveitar ao máximo as ferramentas dixitais para complementar a docencia presencial
- 7.4 Promover a oferta de titulación de mestrado a distancia e dirixidas preferentemente aos países de lingua española e portuguesa

7. APRENDER DA EXPERIENCIA DA COVID-19



7.1 Perfeccionar as medidas de prevención sanitaria

Obxectivos:

Promover o deseño de espazos seguros tanto nas novas edificacións como nas reformas que se leven a cabo nas actuais

Extremar as medidas de prevención de riscos laborais

Accións:

- 7.1.1** Introducción de pantallas de protección por mor da imposibilidade dunha maior separación nas aulas.
- 7.1.2** Mellora de ventilación nas aulas e espazos de traballo, maximizando o espazo para empregar nun escenario presencial e semipresencial (ODS3), reducindo a alta concentración de persoas en espazos pechados e promovendo a adaptación dos mesmos e a utilización de sistemas de purificación do aire.
- 7.1.3** Habilitar espazos para actividades docentes, en consonancia cos directrices emanadas do servizo de prevención de riscos laborais.
- 7.1.4** Dotación de máscaras para toda a comunidade universitaria para o curso 2020-2021, coas características de reutilización (ODS6, ODS11 e ODS13) e axustabilidade de tamaño coas tallas S, M e L (ODS5).
- 7.1.5** Medidores de CO₂ e Xel sanitizante de mans eco-eficiente, dende o punto de vista dos ODS6, ODS12, ODS13 e ODS15.

7. APRENDER DA EXPERIENCIA DA COVID-19



7.1 Perfeccionar as medidas de prevención sanitaria

Obxectivos:

Extremar as medidas de prevención de riscos laborais

Desenvolver plans de formación da comunidade universitaria na prevención sanitaria

Accións:

- 7.1.6** Limpeza sanitaria do equipamento informático e electrónico. A reutilización e pre-enchido dos envases de alcohol isopropílico e a utilización de panos lavables supón un aforro económico e ambiental.
- 7.1.7** Reforzo de limpeza das infraestruturas, cunha reorganización do servizo para intensificar a limpeza en zonas de uso frecuente e minimizar os riscos sanitarios.
- 7.1.8** Apoio ao sistema de rastrexo do sistema sanitario coa posta en marcha do rexistro COVID-19 polo alumnado para os efectos dunha localización espacial e temporal da súa actividade nas instalacións da USC, así como do persoal alleo a estas.
- 7.1.9** Elaboración de plan de formación para afrontar con garantías situacións de emerxencia sanitaria.

7. APRENDER DA EXPERIENCIA DA COVID-19



7.2 Intensificar o proceso de transformación dixital

Obxectivos:

Elaborar un plan para dotar dos medios dixitais necesarios aos ámbitos da docencia, da investigación e da xestión

Garantir o uso seguro dos medios telemáticos na docencia e nas probas de avaliación

Perfeccionar os procedementos telemáticos de presentación e defensa das teses de doutoramento

Accións:

- 7.2.1** Definición dun plan de actuación a medio e longo prazo das necesidades funcionais para acelerar a transformación dos procedementos organizativos e administrativos do proceso de ensino-aprendizaxe e da investigación. Este plan estará coordinado coa acción 4.1.4. “Plan Estratéxico”.
- 7.2.2** Posta en marcha dun programa de aprender a ensinar coas novas tecnoloxías en que o profesorado poña en valor as potencialidades didácticas que ofrece a aprendizaxe nas contornas dixitais.
- 7.2.3** Normativización do emprego de medios telemáticos para acadar un uso seguro na docencia e na avaliación.
- 7.2.4** Dotación de software de carácter docente con licenzas multicampus ou cun número de licenzas concorrentes que poidan cubrir as necesidades da comunidade universitaria.
- 7.2.5** Posta en marcha de mecanismos de presentación telemática das teses de doutoramento que manteñan as garantías da defensa pública.

7. APRENDER DA EXPERIENCIA DA COVID-19



7.3 Facer máis flexible a organización académica de maneira que se poidan aproveitar ao máximo as ferramentas dixitais para complementar a docencia presencial

Obxectivos:

Adaptar as infraestruturas para facilitar un uso flexible das mesmas

Deseñar aulas polivalentes

Potenciar a rede sen fíos en todos os espazos dos campus

Optimizar o uso do Campus Virtual

Accións:

7.3.1 Conversión das aulas en potenciais aulas informáticas buscando a súa dualidade, contribuíndo ao ODS12 e ODS13.

7.3.2 Adaptación das aulas de seminarios e reunións en aulas “audiovisuais” para a docencia e a investigación (por exemplo, reunión multicampus, proxectos europeos).

7.3.3 Dotación de equipamento para unha docencia presencial e non presencial.

7.3.4 Mellora da rede sen fíos fixa nas aulas. Ampliación de zonas exteriores aos centros para definir zonas de traballo.

7.3.5 Mellora do Campus Virtual para ter unha maior resiliencia e funcionalidade. Inclúe a súa disposición na nube, a actualización de software á última versión e a incorporación dos complementos demandados polo profesorado.



7. APRENDER DA EXPERIENCIA DA COVID-19



7.3 Facer máis flexible a organización académica de maneira que se poidan aproveitar ao máximo as ferramentas dixitais para complementar a docencia presencial

Obxectivos:

Optimizar o uso do Campus Virtual

Adequar as normas de organización académica

Accións:

- 7.3.6** Plan de formación extraordinario polo CeTA e a BUSC nas novas tecnoloxías e recursos electrónicos do proceso de ensino-aprendizaxe.
- 7.3.7** Converter o CeTA nunha unidade interdisciplinar que proporcione o persoal técnico e recursos acaídos para dar soporte e seguimento ao persoal docente da USC nas novas modalidades de ensino e aprendizaxe.
- 7.3.8** Sistematización das guías docentes e normas para organización académica nos escenarios considerados na planificación académica.
- 7.3.9** Establecemento dunha oferta e procedemento de realización das prácticas externas adaptadas á nova realidade de funcionamento das empresas e institucións.
- 7.3.10** Flexibilización das condicións que permitan a presentación e defensa telemática dos TFG e TFM.

7. APRENDER DA EXPERIENCIA DA COVID-19



7.4 Promover a oferta de titulacións de mestrado a distancia e dirixidas preferentemente aos países de lingua española e portuguesa

Obxectivos:

Analizar a demanda de formación de posgrao nos países de lingua española e portuguesa

Elaborar un plan experimental de oferta de titulacións de mestrado a distancia

Establecer alianzas con outras universidades para a implantación de novas titulacións de mestrado a distancia

Accións:

7.4.1 Organización de foros para a difusión das capacidades de formación no mestrado e doutoramento.

7.4.2 Elaboración dun plan experimental de titulacións de mestrado a distancia.

7.4.3 Elaboración dun programa de alianzas para a implementación de mestrados non estritamente presenciais.



DESCRICIÓN DAS ACCIÓNS



Documento asinado dixitalmente e accesible en:/Documento firmado digitalmente y accesible en:/Digitally signed document with accessibility at:
<https://sede.usc.es/csv/1C91-5774-4EE6-870C>

Ver detalle da sinatura na derradeira páxina/Ver detalle de la firma en la última página/See detail of the signature on the last page

CSV: 1C91-5774-4EE6-870C

Nomenclatura

RE: Reitoría

VI: Vicerreitoría de Investigación e Innovación

VP: Vicerreitoría de Profesorado

VTCl: Vicerreitoría de Titulacións e Captación Internacional

VICS: Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Servizos

VETI: Vicerreitoría de Estudantes e Proxección Internacional

VOA: Vicerreitoría de Organización Académica

VPTS: Vicerreitoría de Planificación, Tecnoloxía e
Sustentabilidade

VC: Vicerreitoría de Calidade

VCL: Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo

SX: Secretaría Xeral

XE: Xerencia



1. CENTRAR A ATENCIÓN NO ESTUDANTADO

1.1. FOMENTAR A DIMENSIÓN INTEGRAL NA EDUCACIÓN

OBXECTIVO. POTENCIAR AS COMPETENCIAS CÍVICO-SOCIAIS NOS ASPECTOS CURRICULARES

ACCIÓN. 1.1.1 Incorporación da competencia da ética profesional como formación complementaria curricular nas titulacións. Deseño de actividades que definan estratexias de incorporación da competencia da ética profesional de xeito transversal ao alumnado e profesorado dos diferentes Graos, Mestrados e Doutoramentos. Definirase un curso específico presencial por cada gran área, así como cursos "on-line"

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
VTCI	02/01/2019	1/10/2021
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Nº de persoas formadas 02. Nº de cursos realizados		

OBXECTIVO. PROMOVER OS COMPORTAMENTOS ÉTICOS NO DESEMPEÑO PROFESIONAL

ACCIÓN. 1.1.2 Integración dos conceptos relativos á propiedade intelectual no desenvolvemento dos TFG e TFM. Consistirá na programación de cursos semestrais dirixidos ao alumnado e profesorado

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
VTCI	01/09/2019	31/07/2020
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Nº de persoas formadas 02. Nº de cursos realizados		

OBXECTIVO. POTENCIAR AS COMPETENCIAS PARA A EMPREGABILIDADE, ADIANTÁNDOSE ÁS NECESIDADES QUE A SOCIEDADE DEMANDE DOS FUTUROS PROFESIONAIS

ACCIÓN. 1.1.3 Deseño e desenvolvemento dun programa de orientación laboral para o alumnado do último curso de grao. Incluirá o desenvolvemento dunha ferramenta que sirva de nexo entre os egresados e o mundo laboral

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
VICS	01/09/2019	01/10/2021
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Programa de orientación laboral 02. Plataforma de contacto 03. Nº de egresados inscritos na plataforma		

OBXECTIVO. CONSOLIDAR AS METODOLOXÍAS INNOVADORES, COMO A APRENDIZAXE-SERVIZO, ORIENTANDO AS APRENDIZAXES A DAR SOLUCIÓN A PROBLEMA SOCIAIS

ACCIÓN. 1.1.4 Institucionalización da aprendizaxe-servizo, a través da posta en marcha de diversos programas piloto en titulacións das diferentes grandes áreas, co fin de consolidar esta metodoloxía como unha ferramenta de conexión efectiva coa sociedade

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
VICS	01/09/2019	30/06/2022
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Programas piloto		

1. CENTRAR A ATENCIÓN NO ESTUDANTADO

1.1. FOMENTAR A DIMENSIÓN INTEGRAL NA EDUCACIÓN

OBXECTIVO. DEFINIR UN MODELO DEPORTIVO CONSTITUÍDO COMO UN MODELO EDUCATIVO QUE INCENTIVE, ENTRE OUTROS, OS HÁBITOS SAUDABLES E OS ASPECTOS INCLUSIVOS

ACCIÓN. 1.1.5 Cooperación cos Concellos e Deputacións para pór en valor ás instalacións deportivas e na procura duns Campus sostibles. Subscrición de acordos de colaboración coas institucións públicas que permitan maximizar a utilización das instalacións deportivas e poder compartir parte do seu custo de mantemento. A acción 3.3.6 recolle as accións na procura da sustentabilidade

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
VICS/ VCL	02/01/2019	31/12/2021
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Convenios de colaboración		

1.2. ACTUALIZAR O MARCO NORMATIVO DO ESTUDANTADO

OBXECTIVO. ADAPTAR OS DEREITOS E DEBERES AOS NOVOS TEMPOS

ACCIÓN. 1.2.1 Elaboración dun novo Estatuto do Estudantado que contemple a realidade actual da USC

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
VETI/ SX	02/01/2019	30/03/2020
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Estatuto do estudantado		

OBXECTIVO. ACTUALIZAR OS TEXTOS NORMATIVOS RELATIVOS AO ESTUDANTADO

ACCIÓN. 1.2.2 Recopilación da normativa de xestión académica e actualización da normativa do alumnado, en particular a de permanencia e a de avaliación

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
SX	01/09/2019	31/10/2021
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Recopilación da normativa de xestión académica 02 Normativa de permanencia 03 Normativa de avaliación		

1. CENTRAR A ATENCIÓN NO ESTUDANTADO

1.2. ACTUALIZAR O MARCO NORMATIVO DO ESTUDANTADO

OBXECTIVO. FOMENTAR A PARTICIPACIÓN A TRAVÉS, ENTRE OUTRAS VÍAS, DUN CONSELLO DE ESTUDANTES COMO ÓRGANO PROPIO E ESTABLE DE REPRESENTACIÓN ESTUDANTIL, O CO CAL DEBE XOGAR UN PAPEL COMPLEMENTARIO ÁS ORGANIZACIÓNS ESTUDANTÍS SEN SUPLANTALAS

ACCIÓN. 1.2.3 Creación do Consello do Estudantado, segundo as directrices aprobadas no Estatuto do Estudantado (acción 1.2.1)

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
VETI/ SX	02/01/2019	30/06/2020
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Consello do estudantado		

ACCIÓN. 1.2.4 Regulación da figura do delegado de curso. Elaboración dunha regulación básica da figura de delegado de curso como unha forma de promover a comunicación coas Comisións Académicas dos Títulos e cos Equipos Directivos dos Centros (contemplada parcialmente na acción 1.2.1)

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
SX	01/09/2019	31/07/2020
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Regulación da figura de Delegado de Curso		

1.3. ACHEGAR A ADMINISTRACIÓN UNIVERSITARIA E OS SEUS SERVIZOS AO ESTUDANTADO

OBXECTIVO. ORIENTAR AS FUNCIONALIDADES DOS DIFERENTES SERVIZOS Á COBERTURA DOS REQUIRIMENTOS DO ALUMNADO

ACCIÓN. 1.3.1 Mellora, simplificación e automatización dos procesos no ámbito académico. En combinación coa liña de actuación 6.6.2 enfocaranse os servizos aos usuarios, con especial énfase na automatización dos procedementos

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
SX	02/01/2019	31/12/2021
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Número de procedementos revisados 02 Incremento do 25% no número de procedementos en formato electrónico		

1. CENTRAR A ATENCIÓN NO ESTUDANTADO

1.3. ACHEGAR A ADMINISTRACIÓN UNIVERSITARIA E OS SEUS SERVIZOS AO ESTUDANTADO

ACCIÓN. 1.3.2 Adaptación progresiva da oferta do CLM ás seguintes liñas prioritarias: (a) a impartición de cursos de preparación para a obtención do recoñecemento oficial de nivel de coñecemento de linguas estranxeiras, preferentemente inglés, a un prezo accesible para toda a comunidade universitaria; (b) a impartición de cursos de idiomas específicos para o desempeño do seu labor no caso do PAS e do PDI; (c) dar soporte no ámbito da súa competencia aos diferentes servizos

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
VOA	01/03/2019	30/06/2022
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Nº de cursos ofertados		

OBXECTIVO. FACILITAR A COMUNICACIÓN DA UNIVERSIDADE CO ESTUDANTADO

ACCIÓN. 1.3.3 Incorporación de novas canles de comunicación co estudantado. Desenvolvemento dunha canle baseada en redes sociais e desenvolvemento, de acordo co indicado na acción 3.5.2, dunha app institucional con especial atención ás funcionalidades de máis interese para o estudantado

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
VICS	02/01/2019	01/03/2020
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Canle de comunicación baseado en redes sociais 02. App institucional		

OBXECTIVO. SIMPLIFICAR E AXILIZAR OS PROCEDEMENTOS DE XESTIÓN ACADÉMICA

ACCIÓN. 1.3.4 Integrada na acción 1.3.1, e complementada coas accións 6.4.2 e 6.4.4

OBXECTIVO. RACIONALIZAR O CALENDARIO ACADÉMICO

ACCIÓN. 1.3.5 Procura dun calendario académico harmonizado, estable e adaptado aos distintos contextos, en colaboración coas outras universidades do SUG

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
SX	02/01/2019	30/06/2022
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Calendario académico anual		

1. CENTRAR A ATENCIÓN NO ESTUDANTADO

1.4. TRANSFORMAR O MODELO DE XESTIÓN DA CALIDADE

OBXECTIVO. POÑER A MELLORA DO PROCESO DOCENTE NO CENTRO DA XESTIÓN DA CALIDADE, ALIXEIRANDO A CARGA ADMINISTRATIVA E SIMPLIFICANDO A XESTIÓN DOS PROCEDEMENTOS

ACCIÓN. 1.4.1 Continuación do proceso de acreditación institucional de centros co obxecto de reducir a carga de traballo dos procesos de seguimento e acreditación dos títulos. Promover que os centros da USC obteñan a acreditación institucional na xestión dos sistemas de garantía de calidade

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
VC	02/01/2019	30/06/2022
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Nº de centros acreditados		

ACCIÓN. 1.4.2 Impulso e mantemento das acreditacións internacionais, e en particular as de ámbito profesional. Promoverase que centros e titulacións de áreas profesionais nas que existen selos de acreditación internacional os obteñan e/ou manteñan.

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
VC	02/01/2019	30/06/2022
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Titulacións acreditadas con selos de excelencia		

ACCIÓN. 1.4.3 Implementación dun programa interno de “benchmarking” para estender as boas prácticas en materia de calidade que están a desenvolver os centros da USC .

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
VC	01/01/2019	30/06/2022
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Repositorio de boas prácticas 02. Programa de premios 03. Realización do seminario anual		

ACCIÓN. 1.4.4 Racionalización dos procedementos e indicadores de seguimento máis acaídos ao proceso de mellora continua. No contexto da elaboración das memorias de calidade da USC, levar a efecto unha revisión anual dos indicadores e evidencias requiridos nos sistemas de garantía de calidade, buscando a súa racionalización.

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
VC	02/01/2019	30/06/2022
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Modificacións nos sistemas de garantía de calidade 02 Melloras na aplicación AASX		

1. CENTRAR A ATENCIÓN NO ESTUDANTADO

1.4. TRANSFORMAR O MODELO DE XESTIÓN DA CALIDADE

ACCIÓN. 1.4.5 Incorporación do programa Docentia no rendemento docente do profesorado. Utilización da metodoloxía e sistemática do programa Docentia para desenvolver a avaliación do desempeño docente do profesorado da USC, incorporando melloras e simplificacións no seu deseño e implementación

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
VC	02/01/2019	30/06/2022
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Programa piloto de Docentia 02. Profesorado participante		

OBXECTIVO. FACER QUE OS SISTEMAS DE XESTIÓN DE CALIDADE FORNEZAN INFORMACIÓN CADA VEZ MÁIS VALIOSA E PERTINENTE PARA A TOMA DE DECISIÓNS INSTITUCIONAIS

ACCIÓN. 1.4.6 Análise dos resultados dos procesos de calidade. Posta a disposición dos órganos de goberno resultados significativos da calidade do desempeño da USC no plano académico e de xestión, e proposta de accións de mellora nos procedementos ou indicadores

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
VC	02/09/2019	30/06/2022
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Informe anual		

OBXECTIVO. POÑER A INFORMACIÓN DERIVADA DA XESTIÓN DA CALIDADE AO SERVIZO DA TRANSPARENCIA E DO COMPROMISO ÉTICO DA UNIVERSIDADE

ACCIÓN. 1.4.7 Evolución de *USC en cifras* cara a un espazo "open data" cun mellor deseño e maior visibilización da información. A USC debe facilitar o acceso a datos tratables por parte dos demandantes de información, e mellorar a súa presentación

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
VC	02/09/2019	30/06/2022
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Infografía coa información		

OBXECTIVO. REFORZAR OS ASPECTOS RELACIONADOS CO DESENVOLVEMENTO SOCIAL E A EMPREGABILIDADE DOS EGRESADOS

ACCIÓN. 1.4.8 Creación dun observatorio de empregabilidade. A USC debe dispoñer dun órgano estable, con presenza de persoal académico e administrativo, para analizar a achega de valor da universidade á sociedade e aos seus grupos de interese no ámbito do emprego, a empregabilidade e o mercado de traballo

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
VC	02/09/2019	30/06/2022
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Constitución do Observatorio 02. Informes de empregabilidade.		

2. COMPROMETERSE CO PERSOAL

2.1. DEFINIR UN PLAN DE PERSOAL PDI E PAS)

OBXECTIVO. GARANTIR A RENOVACIÓN XERACIONAL

ACCIÓN. 2.1.1 Captación de profesorado novo. O Plan de PDI centrarase nas 3R: Renovar o cadro de persoal, Reducir a precariedade e Relanzar a promoción (acción 2.1.5)

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
VP	02/01/2019	01/10/2022
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Distribución de idades de PDI 02. Nº de prazas creadas		

ACCIÓN. 2.1.2 Incorporación a tarefas docentes de persoal investigador captado a través de programas competitivos de recursos humanos

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
VP	02/01/2019	30/06/2022
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Persoal incorporado		

ACCIÓN. 2.1.3 Elaboración dun Plan de PAS que recollerá as seguintes actuacións: (i) Plan de promoción do persoal; (ii) renovación xeracional mediante a captación de novo persoal a través das ofertas de emprego xerais; (iii) reordenación da relación de postos de traballo; (iv) estabilización e redución da precariedade; (v) definición da carreira profesional

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
XE	15/05/2019	30/06/2022
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Plan de PAS		

OBXECTIVO. ASEGURAR AS OPORTUNIDADES DE PROMOCIÓN INTERNA DENTRO DAS LIÑAS QUE A LEXISLACIÓN PERMITE

ACCIÓN. 2.1.4 Elaboración de criterios transparentes, obxectivos e estables para a dotación de prazas de promoción aos corpos de CU e TU

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
VP	02/01/2019	01/06/2019
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Criterios na asignación de prazas		

ACCIÓN. 2.1.5 Dotación de prazas de catedrático/a, titular e profesor/a contratado/a doutor/a para posibilitar a promoción do PDI acreditado

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
VP	02/01/2019	30/06/2022
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Nº de prazas creadas		

2. COMPROMETERSE CO PERSOAL

2.1. DEFINIR UN PLAN DE PERSOAL (PDI E PAS)

ACCIÓN. 2.1.6 Dotación de prazas de promoción para PAS (incluída na acción 2.1.3)

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
XE	02/01/2019	30/06/2022
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Plan de PAS		

OBXECTIVO. REEQUILIBRAR O CADRO DE PROFESORES ATENDENDO AO ENCARGO DOCENTE E Á ACTIVIDADE INVESTIGADORA, E EN FUNCIÓN DAS NECESIDADES ACTUAIS E FUTURAS

ACCIÓN. 2.1.7 Definición de necesidades de novo profesorado tendo en conta de forma integrada datos de encargo docente, de actividade investigadora e a evolución da capacidade das áreas nos próximos anos

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
VP	02/01/2019	01/06/2020
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Informe de evolución da relación capacidade/encargo das áreas entre o comezo e a finalización do plan		

OBXECTIVO. DOTAR OS SERVIZOS DO PERSOAL NECESARIO PARA ASUMIR AS FUNCIÓNS

ACCIÓN. 2.1.8 Análise da carga de traballo dos servizos e definición da dotación persoal necesaria. (incluída na 2.1.3)

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
XE	02/01/2019	30/06/2022
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Análise de carga de traballo		

OBXECTIVO. PROMOVER A CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO REDUCINDO O NIVEL DE PRECARIIDADE

ACCIÓN. 2.1.9 Dotación de prazas de profesorado con vinculación permanente para posibilitar a consolidación e estabilización de profesorado con contrato temporal (incluída na acción 2.1.5)

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
VP	02/01/2019	01/06/2020
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Nº/% de prazas creadas de carácter permanente		

2. COMPROMETERSE CO PERSOAL

2.1. DEFINIR UN PLAN DE PERSOAL (PDI E PAS)

ACCIÓN. 2.1.10 Inclusión nas Ofertas de Emprego Público dos anos 2018 e 2019 ofertas diferenciadas de estabilización para as prazas que cumpren os requisitos establecidos polas leis de orzamentos xerais do Estado (incluída na acción 2.1.3)

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
XE	02/01/2019	01/06/2020
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Ofertas de emprego público dos anos 2018 e 2019		

OBXECTIVO. ATENDER AS ESPECIFICIDADES DAS ÁREAS DE CIENCIAS DA SAÚDE CON ACTIVIDADE DOCENTE CLÍNICA

ACCIÓN. 2.1.11 Promoción da dotación de prazas vinculadas en áreas clínicas cunha revisión do mapa de PACS

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
VP	02/01/2019	30/06/2022
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Nº de prazas vinculadas creadas 02. Mapeado de PACS		

2.2. ADAPTAR AS ESTRUTURAS DE ORDENACIÓN DO PERSOAL ÁS NECESIDADES DA USC

OBXECTIVO. ACTUALIZAR A RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DE PAS E PDI

ACCIÓN. 2.2.1 Elaboración e aprobación dunha nova RPT de PAS (incluída na 2.1.3)

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
XE	02/01/2019	31/12/2021
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. RPT de PAS		

ACCIÓN. 2.2.2 Elaboración e aprobación dunha nova RPT de PDI

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
VP	02/01/2019	31/07/2019
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. RPT de PDI		

2. COMPROMETERSE CO PERSOAL

2.2. ADAPTAR AS ESTRUTURAS DE ORDENACIÓN DO PERSOAL ÁS NECESIDADES DA USC

OBXECTIVO. NEGOCIAR OS INSTRUMENTOS REGULADORES DO RÉXIME DE PERSOAL

ACCIÓN. 2.2.3. Aprobación do marco regulador onde se estableza o réxime do persoal contratado con financiamento a cargo de actividades de I+D

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
XE	02/01/2019	01/10/2021
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Instrumentos reguladores		

OBXECTIVO. CREAR UNHA RPT DE INVESTIGACIÓN E UN MARCO REGULADOR XERAL DAS CONDICIÓN DE TRABALLO

ACCIÓN. 2.2.4. Aprobación dos instrumentos de ordenación precisos para facilitar a estabilización de persoal contratado con cargo a créditos do capítulo VI

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
VI/XE	02/01/2019	01/10/2021
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. RPT do capítulo VI		

2.3. ACTUALIZAR A NORMATIVA DE PERSOAL

OBXECTIVO. APROBAR, DE ACORDO COAS PREVISIÓN ESTATUTARIAS, OS NOVOS REGULAMENTOS DE PDI E PAS

ACCIÓN. 2.3.1 Aprobación do Regulamento de PDI actualizando os deberes e dereitos do PDI ao novo marco estatutario

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
VP	02/01/2019	31/12/2020
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Regulamento de PDI		

ACCIÓN. 2.3.2 Dotación dun marco regulador xeral das condicións laborais do PAS

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
XE	02/01/2019	31/12/2021
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Marco regulador		

2. COMPROMETERSE CO PERSOAL

2.3. ACTUALIZAR A NORMATIVA DE PERSOAL

OBXECTIVO. ELABORAR UNHA NOVA REGULACIÓN DE SELECCIÓN DO PROFESORADO

ACCIÓN. 2.3.3 Elaboración e aprobación dunha nova normativa de selección de profesorado tanto de carácter permanente como non permanente que permita, entre outros aspectos, unha automatización e simplificación dos procesos de selección

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
VP	02/01/2019	01/10/2020
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Normativa de selección de profesorado non permanente 02 Normativa de selección de profesorado permanente 03 Aplicacións informáticas nos procesos selectivos.		

OBXECTIVO. MODIFICAR A REGULACIÓN DE PROFESORADO EMÉRITO E AD HONOREM

ACCIÓN. 2.3.4 Elaboración dos regulamentos de profesorado emérito e *ad honorem*

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
VP	02/01/2019	01/10/2019
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01, Regulamento de profesorado emérito e <i>ad honorem</i>		

2.4. REFORMULAR A CUANTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES DOCENTES, INVESTIGADORAS E DE XESTIÓN NA XORNADA LABORAL

OBXECTIVO. FIXAR NOVAS PAUTAS E CRITERIOS DE VALORACIÓN QUE PERMITAN REGULAR AS ACTIVIDADES DOCENTES, INVESTIGADORAS E DE XESTIÓN

ACCIÓN. 2.4.1 Cómputo da actividade do PDI baseado na xornada laboral. Evolución dende unha contabilidade baseada en POD a unha contabilidade baseada no conxunto da xornada laboral

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
VOA/VP	01/09/2019	30/05/2020
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Cálculo da actividade do PDI en función da xornada laboral		

OBXECTIVO. ELABORAR UN PLAN PLURIANUAL PARA CONSEGUIR O RECOÑECIMENTO DAS DIFERENTES ACTIVIDADES EN TODAS AS ÁREAS DE COÑECEMENTO

ACCIÓN. 2.4.2 Reflectir na PAA un teito mínimo e progresivo de capacidade nas áreas que permita asignar e recoñecer un mínimo das horas das actividades realizadas

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
VOA/VP	02/01/2019	30/05/2021
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. PAA		

2. COMPROMETERSE CO PERSOAL

2.5. DESENVOLVER UN PROGRAMA DE FORMACIÓN DE PERSOAL

OBXECTIVO. DEFINIR OS CONTIDOS DO PROGRAMA DE FORMACIÓN E INNOVACIÓN DOCENTE PARA INCLUIR A FORMACIÓN NOUTROS EIDOS DA ACTIVIDADE DO PDI

ACCIÓN. 2.5.1 Promoción e regulación das actividades de mentorización na docencia que permitan transferir a experiencia e coñecemento do profesorado sénior ao profesorado novel

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
VOA	01/03/2019	30/06/2021
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Programa de mentorización.		

ACCIÓN. 2.5.2 Creación dun programa de Monitor Asistente no marco das prácticas extracurriculares

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
VOA	02/01/2020	30/06/2021
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Programa de Monitor Asistente		

OBXECTIVO. AMPLIAR UN PROGRAMA DE FORMACIÓN PARA PAS QUE PERMITA ADQUIRIR NOVOS COÑECEMENTOS E DESTREZAS E FACILITE A SÚA PROMOCIÓN PROFESIONAL E A CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO

ACCIÓN. 2.5.3 Aprobación de accións formativas específicas dirixidas aos procesos de promoción e estabilización do persoal despois da definición do Plan do Persoal de Administración e Servizos

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
XE	01/09/2019	31/12/2021
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Nº de accións formativas 02. % de asistentes/% de persoas ás que se dirixe a formación		

2. COMPROMETERSE CO PERSOAL

2.6. FOMENTAR A CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL, FAMILIAR E PERSOAL

OBXECTIVO. ATINXIR UNHA CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL, FAMILIAR E PERSOAL

ACCIÓN. 2.6.1 Introducir fórmulas de flexibilización da xornada laboral para a conciliación a partir dun rexistro horario e dunha redución da xornada laboral semanal

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
XE	02/01/2019	31/12/2020
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Duración da xornada laboral 02. Plan de flexibilización da xornada laboral 03. Informe de rexistro horario		

OBXECTIVO. INTRODUCIR A FLEXIBILIDADE HORARIA

ACCIÓN. 2.6.2 Incorporación e regulación do teletraballo. A introdución da opción do teletraballo significa optar por novas concepcións da xornada laboral que permitan que o persoal teña capacidade real para unha organización do traballo máis flexible Nunha primeira fase definirase un programa piloto, para posteriormente escalalo ao resto da organización

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
XE	02/01/2019	31/12/2021
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Programa experimental de teletraballo 02. Regulación do teletraballo 03. Nº de traballadores acollidos ao teletraballo		

OBXECTIVO. REGULAR O DEREITO A DESCONEXIÓN LABORAL E DIXITAL

ACCIÓN. 2.6.3 Elaboración dunha norma que contemple as accións para unha efectiva desconexión dixital

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
XE/SX	02/01/2019	31/10/2021
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Código coas accións		

3. POÑERSE AO SERVIZO DA SOCIEDADE

3.1. INTEGRAR OS CAMPUS NAS CIDADES

OBXECTIVO. INTEGRAR OS CAMPUS NAS CIDADES E COMPARTIR RECURSOS E INFRAESTRUTURAS ENTRE A USC E AS CIDADES QUE ACUBILLAN OS CAMPUS

ACCIÓN. 3.1.1 Colaboración cos Concellos de Lugo e Santiago na procura da humanización dos Campus nos que se acubilla a USC (descrita na acción 3.3.6)

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
XE/VCL	02/01/2019	30/06/2022
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Convenios de colaboración		

ACCIÓN. 3.1.2 Desenvolvemento do planeamento urbanístico e regulación das infraestruturas

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
XE/VCL	30/06/2019	30/06/2022
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Infraestruturas regularizadas		

ACCIÓN. 3.1.3 Análise da situación dos campus e dos resultados dos convenios de colaboración asinados cos Concellos

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
XE/VCL	30/06/2019	30/06/2022
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Informe co grao de cumprimento dos convenios		

ACCIÓN. 3.1.3bis Desenvolvemento do proxecto urbanístico arredor da Cidade da Saúde

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
RE/XE	01/01/2021	30/06/2022
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Definición e posta en marcha da Cidade da Saúde		

OBXECTIVO. INCIDIR NO TECIDO PRODUTIVO E SOCIAL DA ÁREA DE INFLUENCIA DOS CAMPUS

ACCIÓN. 3.1.4 Creación dun *hub* coa Cámara de Comercio (Santiago) e coa Asociación Empresarios (Lugo)

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
XE/VCL	02/01/2019	31/12/2020
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. hub		

ACCIÓN. 3.1.5 Promoción das cátedras institucionais. Descentralización da xestión das cátedras e inclusión destas como actividades de I+D+i. Extensión das cátedras institucionais aos intereses do sector produtivo

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
VPTS	02/01/2019	30/06/2022
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Recoñecemento no PAA 02. Plan de prácticas extracurriculares 03. Nº de novas cátedras		

3. POÑERSE AO SERVIZO DA SOCIEDADE

3.1. INTEGRAR OS CAMPUS NAS CIDADES

ACCIÓN. 3.1.6 Creación dun observatorio CTEM, que deseñe as estratexias e accións encamiñadas a promover as vocacións CTEM no alumnado de educación primaria e secundaria.

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
VTCI	01/06/2019	31/12/2021
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Creación do Observatorio 02. Accións de promoción das titulacións STEM		

ACCIÓN. 3.1.7 Posta en marcha dun programa de educación patrimonial dirixido a toda a sociedade, con especial incidencia nos centros educativos

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
VICS	01/09/2019	31/12/2021
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Programa de educación patrimonial		

3.2. POTENCIAR O USO DA LINGUA GALEGA EN TODOS OS ÁMBITOS

OBXECTIVO. AVALIAR A POLÍTICA LINGÜÍSTICA DA USC E DEFINIR NOVAS ACTUACIÓNS

ACCIÓN. 3.2.1 Elaboración, posta en marcha e avaliación dun novo plan de normalización lingüística que, unha vez aprobado polo Claustro, guíe a política lingüística da institución. Inclúe a tarefa dun estudo da realidade sociolingüística da USC

RESPONSABLE	INICIO	FINALIZACIÓN
VPTS	01/02/2019	21/12/2020
INDICADORES/ EVIDENCIAS 01. Plan de normalización lingüística 02. Informes de avaliación 03. Estudo sociolingüístico		

